



INTERVENCIÓN DA SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, M^a SOL LÓPEZ, NA PRESENTACIÓN DE NOVAS FERRAMENTAS TIC EN GALEGO PARA MELLORAR A PRODUTIVIDADE

PALACIO DE CONGRESOS DE SANTIAGO

8 DE ABRIL DE 2008

12:00h.

VIVIR EN GALEGO: AS NOVAS TECNOLOXÍAS, UN TRAMPOLÍN PARA AS LINGUAS

Bos días a todos e a todas,

Temos diante de nós un escenario de oportunidade. O despegue tecnolóxico que estamos a protagonizar en Galicia sitúanos ante un reto empresarial e social. E tamén lingüístico.

En Galicia contamos con dúas linguas que son oficiais no noso territorio: o castelán e o galego. En Galicia sabe falar galego máis do 90% da poboación; e fála-lo, de feito, habitualmente, máis do 80% dos galegos. Por iso, das distintas linguas cooficiais do Estado, pode considerarse que o galego é a que proporcionalmente está máis estendida no seu territorio.

Preto de tres millóns de persoas falan galego. No ámbito das linguas de Europa, o galego constitúe unha lingua de tamaño medio, con tantos falantes como outras linguas oficiais da Unión. Xa foi recoñecida, onda o catalán e o éuscaro, como lingua de uso nas institucións europeas.

Asentada como lingua da Administración, da escola, do Parlamento, dos medios de comunicación públicos, o galego comeza a ser visto polas empresas como unha oportunidade e un valor engadido no seu negocio. Este restablecemento do seu status fai que tamén no ámbito empresarial o galego recupere prestixio e valor de utilidade, e que avance nos usos formais.

Neste camiño, as novas tecnoloxías son unha locomotora para a lingua nos diferentes sectores. A localización das aplicacións ofimáticas e de ferramentas coa interface en galego son marcos para facilitar o diálogo entre as persoas e a máquina; pero son ademais marcos de organización, de orde e de estruturación do noso pensamento no desenvolvemento das tarefas.

Contar con eses menús e mensaxes en lingua galega permítenos situarnos nun contorno de creación de contidos e de organización en galego, que lle dá continuidade ao uso natural da lingua común da maioría da poboación en Galicia.

Esta opción lingüística nas ferramentas laborais e de lecer persoal é cada vez máis reclamada entre os cidadáns e máis necesaria nos equipos de traballo. A inclusión, ademais, de correctores e a implementación doutras aplicacións de grande utilidade,



como son os tradutores automáticos, os dicionarios ou os sintetizadores de voz, fan posible que vivir en galego en calquera ámbito sexa cada día unha posibilidade máis real, aínda que teñamos por diante un longo camiño por percorrer para a nosa lingua e para a tecnoloxía.

Por iso son necesarias actuacións que dean garantías aos falantes e que permitan que o galego se vaia asentando nos diferentes espazos, ao pé dos outros idiomas. Esa tarefa, a da construción do futuro da lingua -que é dicir tamén o futuro dos falantes- é iso que chamamos planificación lingüística e normalización, nin máis nin menos. E aquí as Administracións non poden actuar soas nin á marxe das necesidades da sociedade.

É imprescindible o papel dos axentes sociais e das empresas neste labor que é responsabilidade de todos e que debe ser abordado desde o absoluto respecto a todas as linguas e os seus falantes. Para a Secretaría Xeral de Política Lingüística é unha honra poder avanzar cooperando e compartindo a súa responsabilidade cos diferentes motores económicos.

Por iso, a miña gratitude e os meus parabéns a Ineo, á Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, a Microsoft Ibérica, e ao traballo de visibilización da opción de idioma de Dell, HP e Inves. E espero poder saudar en breve outras empresas que se vaian incorporando á galeguización dos seus produtos.

É unha prioridade da Secretaría xeral de Política Lingüística traballar ao pé das iniciativas que supoñen melloras para a vida dos cidadáns desde as entidades que coñecen ben o terreo.

E quero transmitir ademais o valor de facelo desde o rigor terminolóxico. A creación e adaptación de vocábulos para expresar os novos conceptos que esixen as novas realidades é unha necesidade común a todas as linguas.

No caso das ferramentas presentadas hoxe, contar coa garantía de que esa terminoloxía se vai asentando coa supervisión do organismo oficial responsable da fixación dos novos termos -Termigal- constitúe un aspecto moi importante para contribuír ao asentamento dunha lingua de calidade.

En Galicia, o sector da informática foi un dos sectores implicados desde hai anos no uso do galego, albiscando que xogaban nun campo estratéxico e especialmente favorable á incorporación dos distintos idiomas, xa que permite poñer uns a carón dos outros sen que ningún teña que ser desprazado.

Pero ademais da utilidade práctica nos contornos de traballo e no plano da vida persoal, a informática e, en xeral, as ferramentas tecnolóxicas constitúen un espazo de prestixio social para a lingua aos ollos da mocidade.

Hoxe, o futuro das linguas ten nas novas tecnoloxías un novo factor para medir a súa vitalidade e a súa saúde. A familia, a escola, a empresa, a administración, -que son os espazos nos que convencionalmente se lles toma o pulso ás linguas-, teñen por forza que atender hoxe ás novas tecnoloxías nesa diagnose, como elemento transversal a todas elas.



As nosas opcións como falantes, ampliáanse coas novas tecnoloxías en galego e, ao mesmo tempo, ábrensenos oportunidades para achegármonos a un mundo global desde a nosa singularidade e desde a nosa creatividade.

Neste sentido, ademais do uso no sector empresarial, outro ámbito moi relevante é o sistema educativo. As aulas de informática son xa espazos fundamentais de alfabetización nas novas tecnoloxías e espazos especialmente favorables para transmitirles ás novas xeracións a oportunidade do plurilingüismo.

Non teño dúbida ningunha de que os actuais discursos sociais que abordan con temor e desconfianza o multilingüismo esvaeceranse de seu con estas novas xeracións de rapaces e rapazas que xa nacen en contacto con diferentes linguas e ás que os procesos plurilingües lles son naturais.

Nós debemos contribuír a transmitirles as vantaxes do sistema multilingüe. Incorporar linguas de oportunidade económica, non supón prescindir da lingua materna ou lingua propia. Ao contrario, é o modo natural de integrarse socialmente, de preservar a identidade, de vincular o pasado e a construción do futuro.

Quero destacar que 2008, que a Organización das Nacións Unidas decretou o Ano Internacional das Linguas, debe ser un tempo de posta en valor dos idiomas, vehículos de comunicación e de transmisión de cultura, diversidade e, tamén, de riqueza.

A conservación da diversidade lingüística é unha tarefa de todos e non é unha cuestión que afecte só ás comunidades lingüísticas cunha lingua en ameaza de extinguirse. O galego é unha lingua minoritaria pero maioritaria no seu territorio, que precisa aínda pulo para situarse sen complexos en ámbitos dos que historicamente foi desprazado.

A valoración do galego é unha posta en valor de nós mesmos, nin por riba nin por baixo de ningún outro pobo. Esa confianza é a que favorecerá tamén novas accións emprendedoras. E nese sentido, finalizo dándolle a volta ao propio título da miña intervención:

A lingua é tamén un trampolín para este salto ao empresarial, no ámbito das novas tecnoloxías e en todos aqueles outros nos que decidamos introducirnos. O uso do galego é rendible en termos económicos, pero igualmente no mantemento e no respecto da diversidade cultural que enriquece o planeta.

Queda así clausurada esta xornada.

Moitas grazas pola súa asistencia.